

Acordo do 6 de maio de 2025, do Consello de Goberno, polo que se aproba o Regulamento do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña

TÍTULO I. Disposicións xerais	1
Artigo 1. Comité de Ética da Investigación e a Docencia.....	1
Artigo 2. Ámbito de actuación	1
Artigo 3. Adscrición	2
Artigo 4. Funcións	2
TÍTULO II. Composición, estrutura e designación	2
Artigo 5. Composición	2
Artigo 6. Estrutura orgánica	3
Artigo 7. Pertenza e exercicio	3
TÍTULO III. Funcionamento do CEID.....	4
Artigo 8. Funcionamento	4
Artigo 9. Recurso	4
Disposición adicional. Procedemento de reforma.....	4
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	4
Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria	5
Disposición final segunda. Entrada en vigor	5

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Comité de Ética da Investigación e a Docencia

O Comité de Ética da Investigación e a Docencia (CEID) é un órgano colexiado, permanente, interdisciplinar, independente e de carácter consultivo. A súa finalidade é avaliar e garantir a adecuación dos aspectos éticos, metodolóxicos e legais da investigación e a docencia, así como promover a integridade científica e académica.

Artigo 2. Ámbito de actuación

1. O CEID exerce as súas funcións en relación coa investigación e a docencia que se leva a cabo nos grupos e centros de investigación, así como nos centros propios da UDC, ou naqueles nos que esta participe ou estean adscritos a ela. Tamén actúa sobre as actividades do persoal investigador vinculado a calquera destes espazos.

2. O CEID ocuparase das cuestións relacionadas coa integridade científica e académica do estudantado, do persoal docente e/ou investigador, do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, do persoal contratado para tarefas de investigación e/ou os cargos de dirección e xestión da UDC.

Artigo 3. Adscrición

O CEID está adscrito organicamente na vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia, onde ten a súa sede. Esta vicerreitoría proporcionarlle o apoio económico, técnico e administrativo necesario para garantir o seu bo funcionamento.

Artigo 4. Funcións

1. O CEID desenvolverá as súas funcións con total independencia, autonomía e imparcialidade.

2. Son funcións do CEID:

a) Informar sobre a adecuación ética, metodolóxica e legal dos proxectos e traballos de investigación, antes do seu desenvolvemento.

b) Asesorar os órganos competentes sobre os aspectos éticos relacionados coa docencia.

c) Garantir a integridade científica e académica.

d) Responder as consultas sobre cuestións éticas vinculadas á investigación e á docencia.

e) Fomentar a integridade científica e académica e o respecto da ética da investigación e a docencia, considerándoos como criterios de calidade e boas prácticas profesionais.

f) Elaborar informes, recomendacións, protocolos, códigos de boas prácticas e procedementos normalizados de traballo.

g) Calquera outra función relacionada cos seus fins que lle sexa expresamente encomendada pola UDC.

TÍTULO II. Composición, estrutura e designación

Artigo 5. Composición

1. O CEID terá unha composición interdisciplinar e plural, e procurarase garantir a presenza de todas as ramas de coñecemento: artes e humanidades, ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, e enxeñaría e arquitectura.

2. O CEID contará cun mínimo de cinco e un máximo de quince vogais. As/os vogais poderán pertencer ao profesorado, persoal investigador, ao estudantado de doutoramento da UDC, ao persoal técnico, de xestión, de administración e servizos, ao persoal contratado en tarefas de investigación ou poderán ser membros independentes da UDC. Polo menos unha das persoas que o integran deberá ter

formación xurídica.

3. O número de vogais independentes non poderá ser maior a dous e deberán acreditar competencia académica, científica ou profesional no/s seu/s ámbito/s de especialización.

4. Garantirase a presenza equilibrada de mulleres e homes.

5. A composición do CEID terá que renovarse por partes, como mínimo cada tres anos. Esta renovación implicará a incorporación dun mínimo do 30 % de novas persoas.

Artigo 6. Estrutura orgánica

1. O CEID estará composto por unha presidencia, unha vicepresidencia, unha secretaría, unha vicesecretaría e as vogalías.

2. As persoas titulares da presidencia, vicepresidencia, secretaría, e vicesecretaría serán elixidas polas persoas vogais do CEID entre elas mesmas, nunha sesión plenaria por maioría simple.

3. Correspóndelle á persoa que ocupa a presidencia ordenar a convocatoria, coordinar e dirixir as sesións do CEID, e representalo institucionalmente. No caso de ausencia, estas funcións serán asumidas pola vicepresidencia.

4. Correspóndelle á persoa encargada da secretaría a xestión e a organización administrativa do CEID. No caso de ausencia, estas funcións serán asumidas pola vicesecretaría.

Artigo 7. Pertenza e exercicio

1. A condición de membro do CEID é persoal e indelegable.

2. O mandato das persoas membros será como máximo de seis anos, non renovable.

3. As persoas que integran o CEID serán nomeadas e cesadas polo/a reitor/a, por proposta da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia, que informará ao Consello de Goberno da UDC.

4. A pertenza ao CEID finalizará por renuncia expresa, terminación do mandato, perda de vinculación coa UDC ou cesamento por incumprimento reiterado das obrigas propias do cargo, apreciado polo Comité e previa audiencia da persoa interesada.

5. Os membros do CEID deixarán constancia expresa das actividades e as circunstancias capaces de xeraren un conflito de intereses, para os efectos que procedan. Esta declaración realizarase nun rexistro creado, para tal fin, no ámbito da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia,

6. As persoas que integran o CEID terán o deber de confidencialidade sobre todos os asuntos que coñeceren con ocasión do seu cargo, así como sobre os procesos de deliberación e votación das súas reunións.

7. A participación no CEID será recoñecida a través da compensación ou redución da carga docente.

TÍTULO III. Funcionamento do CEID

Artigo 8. Funcionamento

1. O CEID desenvolverá a súa actividade a través do pleno e das comisións.
 2. O pleno estará composto pola persoa que exerza a presidencia (ou, na súa ausencia, a vicepresidencia), pola persoa que exerza a secretaría (ou, na súa ausencia, a vicesecretaría) e polas vogalías. O pleno reunirse cunha periodicidade mensual, agás no mes de agosto.
 3. Para a válida constitución do CEID, e para realizar sesións, deliberar e tomar acordos, requirirase a presenza da persoa que ocupe a presidencia e a secretaría, ou de quen as substitúa, así como da metade, cando menos, das persoas membros.
 4. O pleno do CEID poderá crear comisións específicas para o estudo e a avaliación de cuestións concretas. O acordo de creación indicará a súa composición, duración, funcións, obxectivos e prazos.
- As comisións estarán compostas polo menos por tres vogalías e, para o seu funcionamento interno designarase unha persoa que realizará as funcións de secretaría.
5. Os acordos que adopten as comisións deberán ser ratificados polo pleno co voto favorable da maioría dos membros do CEID.
 6. O CEID poderá nomear consultores/as externos/as expertos/as nunha área de especialización concreta. Estas persoas actuarán como asesoras, con voz pero sen voto.

Artigo 9. Recursos

Contra as resolucións do CEID da UDC poderase presentar un recurso de alzada ante a vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia, no prazo dun mes, segundo o disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional. Procedemento de reforma

A modificación deste regulamento será competencia do Consello de Goberno, por propia iniciativa, por iniciativa do CEID ou da Comisión de Investigación, cando así o acorden por maioría absoluta dos seus membros.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Derrógase o Regulamento do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 03/04/2018 e modificado o 26/09/2019 e o 27/02/2023, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan

ao disposto neste regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria

Habilítase á vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia, para desenvolver este regulamento e interpretar as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad